

Lois Pereiro: “A poesía sálvame do meu espírito”

Darío Janeiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

JANEIRO, DARÍO (2011 [1996]). “Lois Pereiro: ‘A poesía sálvame do meu espírito’”. *O Correo Galego*. “Revista das Letras”: 25 de xaneiro, 3. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/608>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

JANEIRO, DARÍO (1996). “Lois Pereiro: ‘A poesía sálvame do meu espírito’”. *O Correo Galego*. “Revista das Letras”: 25 de xaneiro, 3.

* Edición dispoñíbel desde o 4 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LIBROS

LOIS PEREIRO: "A POESÍA SÁLVAME DO MEU ESPÍRITO"

Ritmo máis pausado. Cambios vitais. "Eu tiven unha fenda na miña vida. Pasei por un proceso autodestructivo, quizáis máis mental que físico. Foron anos de silencio. Despois, escollín a forza da vida". Lois Pereiro non é a mesma persoa agora que cando escribiu a súa primeira obra. Da morte ó renacemento. A súa resurrección chámase **Poesía última de amor e enfermidade, Positivas**. Detrás da súa infusión, móvense as mans. Voz pausada, impón a lei do silencio arredor.

A conversa deriva cara unha xeración perdida na que el se inclúe, a dos que agora teñen case corenta anos.

"Vivimos unha época moi especial, a de chegar un pouco tarde a todo. Sexo, drogas e rock&roll misturado coa situación política que non deixaba de cambiar. Ese ver que loitaches por unhas ideas (e Utopías) para chegar ó engano rompe as vidas. Non podería contar cos dedos das mans os meus amigos mortos e os que quedaron cos vidas destrozadas. Vida a tumba aberta, que se chamaba. A vella garda é a que agora obsteña o poder e a que vén tenos a nós de referencia. Somos unha **Beat Generation** á galega."

(Ese certo ton sombrío)

"O longo do libro emprego citas doutros autores como referencia. Case todo está escrito ou expresado na poesía. Ó querer contar algo, moitas veces vén á memoria outra voz -outra Voz- que é unha especie de contrapeso entre o optimismo e o pesimismo. Sempre se falará do home na vida, no mundo, na morte, na arte. A vida ten momentos nos que se está máis próximo dun ou outro lado. E iso é o que se conta".

(**Raymond Carver** escribiu xusto antes que a morte o levara: "¿E conseguiches o que querías desta vida? Consequino,



LOIS PEREIRO, ENTRE PEDRA E CHUVIA

SANTÁS

si. ¿E que querías? Considerarme amado, sentirme amado na terra")

"Se escribimos, se reímos, se nos vestimos todas as mañás e simplemente para que nos queiran. Querer é necesario. Se non eres quen de dar a vida polos teus Amigos é que non aprecias a vida. Pero, ó final de todo, a nostalxia vai máis para as persoas que te quixeron que ás que quiseches. Non abonda con querer, hai que saber deixarse

querer. Non é sinxelo". (Epitafio)

"¿Por que vivimos? Morrer é o máis sinxelo é evita os sufrimentos. Pero ningún quere morrer. Eso quere dicir algo. Por outra parte, a nosa sociedade rexeita a morte e a enfermidade. Pero a morte non existiría sen a vida. Unha é parte doutra. O politicamente correcto é non falar nunha da fin. Sentímola como algo alleo, como un espectáculo dos medios de co-

municación retrasmittido dende Saralevo. A proximidade da súa presenza atérranos. Se os poetas non saben expresar a morte na súa obra, o que escriban será totalmente prescindible. Non se trata de busca-la, senón de aceptala".

(Amplio Amor)

"Eu sempre vín o mundo do mesmo xeito, dende o punto de vista das vítimas. Creo na dignidade e da maldade das persoas, vítimas e verdugos. Creo

no Home con maiúsculas".

(Todos somos Marcos)

"A miña estancia no hospital coincideu coa primeira revolta en Chiapas. Foi unha revolución na que as vítimas non se converteron despois en verdugos. Loitaban pola súa dignidade, por sobrevivir. Chiapas fíxome misturar o meu amor persoal co amor polos homes que procuran xustiza".

(TV)

"A arte non debe fuxir do que sintes. Aínda que non vaia resolver unha situación social, pode valer para reflexionar. Os medios de comunicación chegan hoxe a todas partes e amósannos todo o sufrimento do mundo. Tanta información fainos perder a perspectiva. O poder mediatiza a información e nós tampouco podemos filtrar todo o que recibimos. É unha tarefa practicamente imposible".

(ONG)

"O poder emprega a miseria como válvula de escape para que nós non sintamos ben axudando. Caso das ONG's. Non se trata de paliar a fame durante dous meses, trátase de cambiar as estruturas".

(Po-e-sí-a)

"As verbas non poden cambiar nada, pero fan pensar. Se alguén, cun meu, medítase sobre a súa vida e a autodignidade, eu sería feliz. A poesía non pode cambiar o mundo, pero si ás persoas. A mín sèrvenme para salvarme do meu propio espírito".

(1992-1995)

"Este libro ten dúas partes. A primeira é recuperada do pasado. A seguinte escribina toda dun tirón, en catro ou cinco meses. Son versos de amor, de morte, pero tamén inclúen como elemento básico a solidariedade".

(Chove o mediodía. Lois Pereiro sae da cafetería, 'namorado outra vez do amor que levo dentro').

DARÍO JANEIRO